

Desde aquí internámonos nunha pequena fraga, a **devesa de Sequeiros 7**, unha mostra do bosque atlántico que antigamente ocupaba esta terra e onde a especie dominante é o carballo acompañado de castiñeiros, loureiros, xilbarbeiras ...



Unha vez que saímos do bosque podémonos achegar ata a pequena **ferenza do Canal Carreiro 8** situada a apenas a 100 m de distancia.

Na **ponte de Portochán 9** gozaremos dunha vista inmello-rable sobre o río e o seu bosque de ribeira no que dominan grandes ameneiros e freixos. Nesta ponte comeza o couto de Pesca de Ponte Maceira, e algunha troita nos lembrará a gran riqueza piscícola que tiña este río ata a construción do encoro de Barrié. Na década do 1950 pescábanse neste couto máis de 150 salmóns especie hoxe extinguida neste tramo do río.



Continuamos o percorrido polo Tambre ata chegar á praia fluvial. O río Tambre cos seus 125 km é o terceiro río máis grande de Galicia, tanto en lonxitude como en caudal. As augas da súa conca bañan boa parte da provincia da Coruña, desde o seu nacemento na lagoa de Irixinova, no concello de Sobrado dos Monxes, ata a súa desembocadura na ría de Noia.

Agardamos que esta ruta te achegue un pouco máis á natureza e ao patrimonio cultural e etnográfico do noso concello e que a través dela descubras a importancia da súa conservación.

## COMO CHEGAR?



## MÁIS INFORMACIÓN E NÚMEROS DE INTERESE

- Emerxencias: 112
- Incendios: 080
- Policía local: 092
- Taxis: 981 883 012 / 981 536 351
- Concello de Ames: 981 883 002 (09.00 – 14.00 h)
- Web: [www.concellodeames.gal](http://www.concellodeames.gal)



Coordenadas da Praia fluvial de Tapia

Latitude:	42° 55' 40" N
Lonxitude:	08° 39' 31" O



# RUTA DO REGO DO ANDORIÑA





## RUTA DO REGO DO ANDORIÑA

A ruta parte da **praia fluvial de Tapia** ①, unha das que máis visitantes acolle na zona e que está equipada para gozar do contacto coa auga e a natureza nunha contorna privilexiada no río Tambre, e onde poderemos ver o **muíño da Insua** ②. Trátase dun antigo muíño, hoxe restaurado, que xa aparece recollido no Catastro do Marqués da Ensenada de 1750.




Desde aquí a ruta discorre paralela ao río ata que se incorpora á estrada e nos achega ata a **Ermida da Nosa Señora da Madalena** ③, unha pequena capela do século XVIII que ten ao seu carón un cruceiro e a milagreira Fonte Santa, á que aínda acoden moitas persoas devotas.



Seguindo un antigo caneiro chegamos ás ribeiras do **rego do Andoriña** ④ que agochan varios muíños de regato. Estes muíños aproveitaban a forza deste rego para moer o trigo, o millo e o centeo.

Devagar, o noso paseo pasa a carón dunha das murallas defensivas do **castro de Piñeiro** ⑤, un dos máis grandes da Maía, situado estratexicamente sobre un esporón desde onde dominaban as terras que o circundaban e o río Tambre.

Despois de pasar polo lugar de Rúa, o camiño lévanos ao **Priorado de San Mamede** ⑥. Alí encóntrase a igrexa, un edificio que foi un antigo convento beneditino (as súas orixes remóntanse previsiblemente ao século XI) e un hórreo de grandes dimensións.



### CARACTERÍSTICAS DO ITINERARIO

Punto de inicio/fin: praia fluvial de Tapia

Accesibilidade: non é accesible para persoas con mobilidade reducida

Distancia: 5,2 km

Dificultade: baixa

Altura máxima: 215 m

Altura mínima: 153 m

Desnivel acumulado: 47 m

